



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 593/2026 de 19 de xuño aprobouse unha convocatoria complementaria para complementar a lista da bolsa de emprego de capataces e peóns da brigada de incendios 2026, e que se transcriben a continuación:

Visto o anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Muros o día 18 de xuño de 2026 polo tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación de persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2026 e para a constitución dunha bolsa de emprego, convocado mediante Resolución da Alcaldía núm. 392/2026, do 24 de abril, e publicado no BOP núm. 84, do 7 de maio de 2026, do que resulta que non foi posible cubrir a totalidade das prazas convocadas.

Considerando que resulta necesario completar a dotación de persoal prevista para garantir a constitución e funcionamento das dúas brigadas municipais de prevención e defensa contra incendios forestais para a campaña 2026.

Considerando igualmente que concorren razóns de urxencia derivadas da inmediatez do inicio da campaña de alto risco de incendios forestais e da necesidade de que as brigadas estean plenamente operativas a comezos do mes de xullo de 2026, resultando imprescindible axilizar a tramitación do correspondente proceso selectivo complementario.

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un novo proceso selectivo para complementar a proposta do tribunal de selección de persoal para brigada de incendios 2026 publicada na sede electrónica do Concello de Muros o día 18 de xuño de 2026, nas prazas de capataz e peón. Os aspirantes que superen este proceso selectivo serán incluídos na bolsa de emprego a partir do último aspirante.

Segundo. O presente proceso selectivo rexerese polas bases aprobadas mediante Resolución da Alcaldía núm. 392/2026, do 24 de abril, publicadas no BOP núm. 84, do 7 de maio de 2026.

Por razóns de urxencia debidamente motivadas, derivadas da inmediatez do inicio da campaña de alto risco de incendios forestais e da necesidade de garantir a plena operatividade das brigadas municipais a comezos do mes de xullo de 2026, os prazos establecidos nas bases reguladoras para a presentación de reclamacións, alegacións e demais trámites susceptibles de impugnación ou emenda reduciranse á



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

metade, de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No suposto de que non existan persoas excluídas provisionalmente, publicarase directamente a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, podendo concentrarse nunha mesma xornada a realización das probas previstas nas bases.

Terceiro. Establécese un prazo de presentación de solicitudes que rematará o día 25 de xuño de 2026 ás 11:00 horas. As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Muros, de conformidade co previsto nas bases reguladoras do proceso selectivo.

Cuarto. Así mesmo, a publicidade deste proceso selectivo complementario realizarase unicamente mediante a súa publicación na sede electrónica do Concello de Muros.

Muros, na data da sinatura dixitala

María Lago Lestón
Alcaldesa do Concello de Muros